



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

Xunta de Goberno Local.  
Sesión do 01/02/2011.

**OITAVO. ACORDOS SOBRE ADXUDICACIÓN DE CONTRATO DE OBRAS.**

Dase conta do expediente tramitado para a adxudicación da execución da obra de "Reforma dos vestiarios accesorios ao pavillón municipal ", que vai ser contratada mediante contrato menor pola súa escasa contía. Aínda sen existir obriga legal ao respecto, solicitáronse ofertas de varias empresas da zona, ás que se convocou tamén a un acto informal de apertura que tivo lugar o pasado sábado día 29 de xaneiro. A obra executarase pola empresa que presentou a oferta máis vantaxosa economicamente para o Concello, que resultou ser "Construcciones López Galdo, S.L.", polo prezo de 26.599,97 euros.

A Xunta, previa breve deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda adxudicar á referida empresa o contrato menor para a realización da expresada obra, segundo o proxecto redactado pola arquitecta municipal que obra no expediente, facultando ó Sr. Alcalde para a realización dos trámites precisos para a plena efectividade do presente acordo.